# MEMORIA ESPAZOCOOP 2025

espazo coop
union de cooperativas galegas

**2025: Un ano para visibilizar e fortalecer o cooperativismo** 3

**Misión, visión e valores de EspazoCoop** 6

**Representación e defensa do cooperativismo galego en 2025** 8

**Defender os intereses das cooperativas galegas en todos os ámbitos** 9

**EspazoCoop na economía social galega: Foro pola economía social galega** 21

EspazoCoop no marco do cooperativismo estatal 22

Sectoriais de EspazoCoop 23

**Servizos a cooperativas sociais** 26

Consolidación cooperativa e desenvolvemento 27

Programas de acompañamento para consolidar cooperativas 31

Asesoramento 33

Intercooperación 33

Formación 37

Información 38

Afiliación e datos das socias 39

**Fomento do cooperativismo** 40

Programas de emprendemento cooperativo de EspazoCoop 41

Actuacións de promoción do cooperativismo 44

Actuacións con axentes prescriptores da fórmula cooperativa 50

Comunicación á sociedade 51

Resumo de prensa 53

# 2025: Un ano para visibilizar e fortalecer o cooperativismo

O 2025 foi un ano especial para o cooperativismo a nivel global, coa celebración do Ano Internacional das Cooperativas 2025, unha oportunidade única para poñer en valor o papel transformador do noso modelo económico e social.

En EspazoCoop asumimos este reto con ambición, intensificando a nosa actividade e contribuíndo a situar o cooperativismo galego no lugar que merece.

Seguimos consolidando o noso papel como entidade de referencia na representación e defensa do cooperativismo galego, cunha presenza activa en máis de 20 espazos institucionais  e sociais, tanto en Galicia como no ámbito estatal e internacional. A nosa capacidade de incidencia, visibilidade e interlocución continúa medrando, reforzando unha voz colectiva cada vez máis recoñecida.

O movemento cooperativo galego segue a expandirse, e tamén EspazoCoop: 40 novas cooperativas incorporáronse este ano, acadando as 285 entidades socias e máis de 3.000 cooperativistas. Este crecemento é reflexo dun ecosistema vivo e diverso, no que destaca tamén o achegamento ao cooperativismo de servizos, un ámbito que comeza a atopar en EspazoCoop un espazo de referencia e articulación.

Ao longo do ano impulsamos a creación de novas cooperativas, apoiando 61 proxectos e contribuíndo á posta en marcha de 18 iniciativas empresariais que xeraron emprego e impacto no territorio. Desenvolvemos máis de 50 accións de fomento e múltiples procesos de formación, asesoramento e intercooperación, chegando a centos de persoas e fortalecendo o tecido existente.

O Ano Internacional permitiunos, ademais, ampliar a nosa actividade divulgativa e comunicativa, multiplicando o alcance do cooperativismo galego e reforzando a súa presenza social. Foi, en definitiva, un ano para visibilizar, conectar e reivindicar.

Ao longo do ano impulsamos a creación de novas cooperativas, apoiando 61 proxectos e contribuíndo á posta en marcha de 18 iniciativas empresariais que xeraron emprego e impacto no territorio. Desenvolvemos máis de 50 accións de fomento e múltiples procesos de formación, asesoramento e intercooperación, chegando a centos de persoas e fortalecendo o tecido existente.

Todo isto foi posible grazas ao compromiso das cooperativas socias, ao acompañamento e implicación do consello reitor, ao traballo do equipo técnico e á colaboración con múltiples entidades e administracións que fan posible avanzar nun modelo económico máis xusto, democrático e sostible.

Pechamos este ano coa forza de todo o camiño compartido e coa ilusión intacta para o que está por vir. Porque cada cooperativa, cada proxecto e cada persoa forman parte dunha mesma rede que medra, se apoia e transforma. E é nesa forza colectiva onde está o noso verdadeiro motor.

Seguimos construíndo en común!

**Ana Olveira Blanco**

Presidenta da Unión de Cooperativas EspazoCoop

2025 Ano Internacional das Cooperativas

As cooperativas constrúen un mundo mellor


Persoas que asinan a acta
espazo coop
unión de cooperativas galegas
2025

# MISIÓN, VISIÓN E VALORES DE ESPAZOCOOP

# Misión

A unión de cooperativas é unha entidade de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que está integrada por cooperativas de distintas clases e multisectorial, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación, e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

# Visión

EspazoCoop aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

# Valores

A unión de cooperativas ten como referencia e marco de funcionamento os seguintes principios e valores compartidos, que forman parte da súa cultura e identidade:

- → Aberta e non discriminatoria.
- → Autonomía e independencia.
- → Proactividade e participación.
- → Interese pola comunidade, responsabilidade, e sustentabilidade.
- → Solidariedade, cooperación, axuda mutua, traballo digno e en equipo, colaboración e intercooperación.
- → Empatía coas persoas e entidades usuarias, e proximidade.
- → Franqueza, honestidade, transparencia e xestión ética.
- → Innovación, mellora continua e excelencia.
- → Autoestima.
- → Formación continua.
- → Igualdade de xénero.
- → Defensa da cultura e da lingua galega.

# REPRESENTACIÓN E DEFENSA DO COOPERATIVISMO GALEGO

EspazoCoop é un referente no cooperativismo galego, ten vocación de influencia na sociedade e de contribuír na transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social, no marco da economía social e solidaria.

## Defender os intereses das cooperativas galegas en todos os ámbitos

Alcanzar as metas que se marca EspazoCoop require estar en organismos representativos e consultivos. Neles realiza o labor de influencia e defensa dos intereses do cooperativismo. Exerce tarefas de representación en distintos foros e organismos, públicos e privados, para visibilizar o cooperativismo e defender os seus intereses e potencialidades.

En Galicia EspazoCoop é membro dos organismos e entidades: Consello Galego de Cooperativas (COGACO), Foro pola Economía Social (FOROESGAL), ACES Galicia e a Comisión Tripartita de Ensino Privado Concertado de Galicia, Consello da Economía Social de Galicia, Consello Económico de Galicia (CES Galicia), Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) da USC, Pacto Local polo Emprego do Concello da Coruña, Consello Económico e Social do Concello de Santiago de Compostela, Rede de Economía Alternativa e Solidaria REAS Galicia, Fiare Banca Ética, Coop57 Galicia, Nosa Enerxía S. Coop. Galega, Asociación Culturgal, Consello Galego de Economía e Competitividade, e a REDE EUSUMO (Xunta de Galicia).

No Estado EspazoCoop fai parte da Confederación española de Cooperativas de Traballo Asociado (COCETA), e da súa comisión executiva. A través de COCETA está representada na Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES), e asume a cota territorial representando á economía social no Consello Estatal de Fomento da Economía Social, como membro do grupo de CEPES. Seguindo no ámbito estatal, é membro da Unión Española de Cooperativas de Enseñanza (UECoE).

A presidenta de EspazoCoop, Ana Olveira Blanco, está designada como parte do Grupo de mulleres líderes da EconomíaSocial-MulleresES- creado polo Alto Comisionado para a Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España.

No ámbito internacional participa na Comisión Internacional de COCETA, sendo membro da executiva do Comité de Xénero da ACI (Alianza Cooperativa Internacional). É un comité temático que traballa para promover a igualdade de xénero nas cooperativas e na sociedade. Serve como foro para debater e intercambiar ideas e experiencias e actúa como estimulador do cambio para que a equidade de xénero sexa unha realidade en tódalas cooperativas.

O Consello Reitor e a Presidencia da Unión de Cooperativas EspazoCoop asumen a xestión da representación e defensa do cooperativismo, son un equipo de 8 persoas conselleiras que son socias de cooperativas afiliadas á Unión.

## A REPRESENTACIÓN DE ESPAZOCOOP DEIXA IMPACTO

- → Logramos recursos para as cooperativas galegas
- → Defendemos o sector cooperativo
- → Facemos visible o cooperativismo en Galicia
- → Acadamos financiamento para que a Unión conte con servizos e actividades

Máis de **80** accións

## DEFENDEMOS O SECTOR COOPERATIVO

### ESPAZOCOOP, apoiando ás cooperativas galegas para seguir medrando

- → Realizamos e facilitamos a interlocución política
- → Participamos dos espazos nos que o cooperativismo debe estar presente
- → Facemos seguimento do desenvolvemento normativo que afecta ao cooperatismo, entre outras máis accións polo sector!

**628.626,08 €**
Recursos e financiamento para o labor de EspazoCoop

Participación en **21** redes e organismos

# Representación e defensa do cooperativismo galego en 2025




Xornada Estratexia Galega de Economía Social H27

## Accións realizadas no ámbito galego

- **Xornada Estratexia Galega de Economía Social H27:** Participación da presidenta na xornada. Sinalar a relevancia da Estratexia para o cooperativismo pola súa transversalidade, acción cos axentes intermedios, apoio ao emprendemento e consolidación, e polo desenvolvemento da nova lei de cooperativas. Impulsada pola Xunta de Galicia. Santiago, xaneiro 2025.
- **Xornadas de Planificación Estratéxica de EspazoCoop 2025:** Encontro anual de análise, programación, e planificación operativa do ano coa participación do consello reitor e equipo técnico da Unión. Na cooperativa Avada, Mesía, xaneiro 2025.
- **Consellos Reitores de EspazoCoop:** realizáronse 10 consellos para dirixir a Unión en 2025.
- **Reunións do Consello Galego Cooperativas (Cogaco) - AIC2025:** EspazoCoop participa nas reunións do Cogaco para tratar a planificación do Ano Internacional das Cooperativas 2025, Santiago, xaneiro 2025.
- **Xurado dos Premios á Cooperación 2025:** Participa como representante da Unión Mar Pernas. Santiago, maio 2025
- **Pleno do Cogaco:** Pleno temático sobre o Ano Internacional das Cooperativas 2025. Santiago, maio 2025.
- **Día da Xustiza Social:** Acto na sede de EspazoCoop en Compostela e espazo compartido de entidades da economía social e do terceiro sector (EAPN Galicia, Coordinadora Galega de ONG e Fiare Banca Ética), que contou coa participación de representantes da Xunta de Galicia, Marta Mariño, Directora Xeral de Economía Social, e Arturo Parrado, Director Xeral de Inclusión Social, ademais de representantes das entidades organizadoras e outrosaxentes do sector social e cooperativo galego. A nova sede na que se realizou o acto coincidindo co Día da Xustiza Social, o 20 de febreiro, simboliza un modelo de colaboración baseado na inclusión, a solidariedade e a sostibilidade. Santiago, febreiro 2025.



Reunión entre a FEGAMP e EspazoCoop




Reunión de EspazoCoop co PSdeG

→ **Reunión entre a Fegamp e EspazoCoop:** A Federación Galega de Municipios e Provincias e EspazoCoop reuníronse para estudar liñas de colaboración e de recoñecemento do cooperativismo, especialmente con motivo do AnoInternacional das Cooperativas 2025. O presidente da FEGAMP, Alberto Varela, e Ana Olveira e Mar Pernas, presidenta e técnica de relacións institucionais respectivamente da Unión mantiveron este encontro. Santiago, marzo 2025.

→ **Xornada de resultados dos Traballos ApS (Aprendizaxe-Servizo) da USC:** A Unión participa nesta xornada, no marco do acordo de colaboración entre o Centro de Estudos Cooperativos da USC e EspazoCoop para a elaboración de informes financeiros e sociais da situación de cooperativas socias. Ditos informes foron realizados polo alumnado do 4º curso do grao de ADE nas súas prácticas con empresas. Impulsada pola USC, marzo 2025.

→ **Xuntanza co grupo parlamentario PSdG:** Representantes de EspazoCoop, reuníronse co grupo parlamentario do Partido dos Socialistas de GaliciaPSOE, para abordar a situación e o potencial do cooperativismo en Galicia. Durante o encontro, destacouse o Ano Internacional das Cooperativas 2025, como unha oportunidade única para dar visibilidade e recoñecemento ao modelo cooperativo na sociedade galega e no conxunto do Estado. Santiago, marzo 2025.

→ **CES Galicia:** Participación en 7 citas do CES para asistir a plenos temáticos, xuntantas de comisión, e a xornada Cidadanía e Economía Circular. Santiago, marzo-xuño 2025.

→ **Gala dos Premios CEGASAL:** EspazoCoop, a través do seu representante Celso Gándara, asiste á Gala anual dos Premios da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal). VII edición dos premios. Santiago, marzo 2025.

→ **Presentación da Academia Factoría da Economía Social:** A presidenta deEspazoCoop, Ana Olveira, participa na presentación da Academia Factoría da Economía Social (vinculada coa Aceleradora ES-Factory "EspazoCoop



Xuntanza co Concello de Santiago na nova sede de Espazo en Compostela

Impulsa”). A xornada, organizada pola Unión, celebrouse no Polo de Emprendemento de Vilanova de Arousa cunha notable participación e interese por parte do público asistente. Contou coa participación de Marta Mariño, directora xeral de economía social. Vilanova de Arousa, marzo 2025.

- **Feira das Ideas - Premios Formación para o Emprendemento:** Unha representación de EspazoCoop participa na Feira de Ideas (proxecto Inicia de difusión da cultura emprendedora, promovido pola Concello da Coruña). Asiste ao acto de entrega dos XVII Premios Formación para o Emprendemento. Foro Metropolitano A Coruña, marzo 2025
- **Xuntanza co Concello da Coruña:** EspazoCoop e o Concello da Coruña reuníronse para impulsar actividades de apoio ao cooperativismo. Representantes de ambas entidades abordaron a programación de actividades no marco do Convenio de colaboración do ano. Participaron Diana Sobral, Concelleira de Emprego, Comercio e Mercados, e Carmen García Méndez e Mar Pernas Márquez por parte de EspazoCoop, para impulsar diversas accións de apoio ao cooperativismo e ao emprendemento. A Coruña, abril 2025.
- **Xuntanza co Concello de Santiago na nova sede de Espazo en Compostela:** A alcaldesa de Santiago e a concelleira de Dereitos e Servizos sociais, Promoción Económica e Xuventude visitaron a nova sede de EspazoCoop. Unha vez rematada a visita, ambas entidades mantiveron unha xuntanza para fortalecer o cooperativismo no concello no seu ano clave con motivo do AIC2025 e mediante os acordos de colaboración que veñen mantendo. Santiago, abril 2025.
- **Estilo Galicia:** A presidenta de EspazoCoop asistiu ao acto organizado pola Xunta de Galicia con motivo do primeiro mandato do Presidente da comunidade, Alfonso Rueda. Santiago, abril 2025.
- **Encontro coa secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino, na sede de EspazoCoop en Santiago:** A secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino, visitou a nova sede de EspazoCoop en Santiago, nun encontro de especial

relevancia para o cooperativismo galego. A presidenta de EspazoCoop abordaron temas estratéxicos para o impulso do cooperativismo desde Galicia. Santiago, abril 2025.

- **Declaración Institucional do Parlamento de Galicia con motivo do Ano Internacional das Cooperativas 2025:** EspazoCoop presente no Parlamento de Galicia con motivo da declaración institucional polo Ano Internacional das Cooperativas. As cooperativas galegas, a través do Consello Galego de Cooperativas do que a Unión fai parte, impulsaron a declaración institucional aprobada por unanimidade na Cámara autonómica. Santiago, maio 2025.
- **Asemblea xeral ordinaria de EspazoCoop:** celebrou a súa Asemblea xeral de socias na que aprobou a xestión social, as contas 2024, e o plan de traballo e orzamentos do 2025. Cidade da Cultura, Santiago 23 de maio 2025.
- **Acto de celebración do Ano Internacional das Cooperativas 2025:** Baixo o título Somos RedeSomos Impulso EspazoCoop celebrou o AIC2025, no marco da súa asemblea xeral 2025. Cidade da Cultura, Santiago 23 de maio 2025.
- **Congreso Internacional de Economía Social da UVigo:** Unha representación de EspazoCoop



Encontro coa secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino


Declaración Institucional do Parlamento de Galicia con motivo do Ano Internacional das Cooperativas 2025

asistiu ao Congreso impulsado pola Universidade de Vigo. Illa de San Simón (Pontevedra), xuño 2025.

- → **Día Internacional do Cooperativismo 2025:** EspazoCoop participou no acto de celebración do Día do Cooperativismo Galego realizado na cooperativa Rabadense de Transportes. O acto conmemorativo foi organizado pola Xunta de Galicia en colaboración coas asociacións de cooperativas. No mesmo foron entregados os Premios á Cooperación e do Certame de Cooperativismo no Ensino ás cooperativas Illa Bufarda, Rexenerando e o Colexio Mendiño. No acto tamén rendéuselle homenaxe a Mar Pernas, compañeira e referente, que é técnica e responsable de relacións institucionais en EspazoCoop, pola súa vida vencellada ao cooperativismo galego. Rábade (Lugo), xullo 2025.
- → **Xornada de Resultados Programa +COOP 2024-2025:** O representante do consello reitor da Unión, Celso Gándara, participou na xornada de presentación de resultados do Programa +COOP (creación de cooperativas) que duplicou os seus resultados. Contouse tamén coa participación de Marta Mariño, directora xeral de economía social. Vigo, xullo 2025.




Celebración do Ano Internacional das Cooperativas 2025

- → **Xuntanza co BNG:** EspazoCoop reuniuse con Ana Pontón para achegar as necesidades do cooperativismo galego. O Consello Reitor de EspazoCoop mantivo un encontro coa portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, e o deputado Dani Pérez, co obxectivo de trasladar as principais necesidades e retos do sector cooperativo. Santiago, xullo 2025.
- → **Reunión do Goberno de España con entidades de economía social, organizacións e empresas do sector para avaliar o impacto dos lumes en Galicia:** A presidenta e a xerenta de EspazoCoop asisten á xuntanza coa Ministra de Traballo e Economía Social Yolanda Díaz. Ourense, agosto 2025.


HOMENAXE Á
MAR PERNAS
XUNTA DE GALICIA
Ano Internacional das Cooperativas




COCETA


MURCIA 2025
SOCIAL ECONOMY
EUROPEAN SUMMIT
September 15


XUNTA DE GALICIA
CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS
Ano Internacional das Cooperativas


cepes


juntas por la


2025
Ano Internacional das Cooperativas
As cooperativas constrúen un mundo mellor
espazo coop
unión de cooperativas galegas

→ **Xornada de Resultados "Consolida+, Consolidando as cooperativas":** A representante do consello reitor da Unión, Claudia Rodríguez, participou na xornada de resultados do Programa Consolida+ 24-25 que fortaleceu o cooperativismo galego con asesoramento especializado a medio cento de cooperativas. Contouse tamén coa participación de Marta Mariño, directora xeral de economía social. Vigo, setembro 2025.

→ **2ª Xornada "EspazoCoop Emprende" na Feira de Emprendemento Pont Up Store:** EspazoCoop e Pont Up Store impulsaron o cooperativismo como alternativa empresarial sostible coa xornada do programa Efeso "EspazoCoop Emprende: impulso ao cooperativismo en Galicia" que reuniu a emprendedores, profesionais e cidadanía interesada no modelo cooperativo. Contando con representantes de EspazoCoop, Pont Up Store e o Concello de Pontevedra. Pontevedra, setembro 2025.

→ **Xornada "Transformando a cidade dende o cooperativismo", no AIC2025:** EspazoCoop e o Concello de Santiago consolidaron a súa colaboración no fomento do cooperativismo nacidade. A xornada "Transformando a cidade dende o Cooperativismo" reforzou



Xuntanza con Ana Pontón, voceira nacional do BNG,
para achegarlle as necesidades do cooperativismo galego




Reunión con Yolanda Díaz, vivepresidenta do Goberno de España
para avaliar o impacto dos lumes en Galicia

o compromiso institucional coa economía social no marco do Ano Internacional das Cooperativas. Contouse coa participación de representantes de EspazoCoop e do Concello de Santiago. Setembro, 2025.

→ **Declaración Institucional de apoio ao Ano Internacional das Cooperativas 2025, no Pleno do Concello de Santiago:** EspazoCoop e o Concello de Santiago protagonizaron a primeira declaración institucional en Galicia sobre o Ano Internacional das Cooperativas. A presidenta de EspazoCoop, Ana Olveira Blanco,

Declaración Institucional polo AIC2025 do Concello de Santiago




→ **Proceso de actualización e reforma da Lei de Cooperativas de Galicia:** EspazoCoop comunica e difunde entre as súas asociadas a exposición pública do anteproxecto da LCG e o período con que se conta para remitir achegas a través das canles habilitadas pola administración (a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social), ao mesmo tempo fomenta a participación en dito proceso. Outubro 2025.

→ **Declaración Institucional de apoio ao Ano Internacional das Cooperativas 2025, no Pleno do Concello da Coruña:** O Concello da Coruña apoiou o Ano Internacional das Cooperativas 2025 cunha declaración institucional no pleno do Concello. Coa lectura da Declaración Institucional fixo un recoñecemento ao movemento cooperativo. Outubro 2025.

→ **Feira ESDOMAR:** EspazoCoop colaborou con Fundamar na Feira ESDOMAR xunto á Confraría de Pescadores de Vigo para realizar un espazo de promoción da actividade de entidades da economía social vinculadas ao mar. Contou con participación institucional das tres entidades, ademais da directora xeral de economía social. Lonxa de Canido en Vigo, outubro 2025.

→ **Xuntanza co BNG:** EspazoCoop recibiu a visita de Saleta Chao, responsable de economía social e turismo, e de Luis Bará coordinador do Grupo Parlamentario do BNG - Bloque Nacionalista Galego, para coñecer de primeira man as organizacións do movemento cooperativo e do sector da economía social galega. Outubro 2025.

→ **Presentación do libro *Un socialismo verde*. O cooperativismo en Risco e os galeguistas:** A presidenta de EspazoCoop participa no acto de presentación do libro publicado e que organizou a cooperativa Sacauntos. Fundación Vicente Risco, Allariz. Outubro 2025.

→ **IV Congreso Galego de Cooperativas de Ensino, no marco do AIC2025:** As escolas cooperativas galegas reuníronse para debater o futuro do ensino no 4º Congreso Galego do sector. O encontro foi organizado por EspazoCoop e ACES-Galicia no marcodo Ano Internacional das Cooperativas 2025, puxo en valor o ensino cooperativo como modelo educativo e empresarial sostible. Contou con representantes de EspazoCoop, a presidenta Ana Olveira e o representante da Sectorial de Ensino, Miguel Filgueira, tamén contou coa directora xeral de economía social, Marta Mariño.

→ **Foro Intercomunitario de Investigación Xuvenil:** As cooperativas de ensino en colaboración con centros doutras comunidades, como Cataluña, organizan este evento de fomento da investigación e o traballo en equipo enliña coa filosofía cooperativa. Contou con representantes da sectorial de ensino de EspazoCoop, Miguel Filgueira. Vigo, novembro 2025




IV Congreso Galego de Cooperativas de Ensino, no marco do AIC2025

→ **Xornadas Somos Cultura Somos Coop, no marco do AIC2025:** O cooperativismo cultural reivindicou en Galicia a cultura como dereito. Tres días de encontros en Santiago, A Coruña e Pontevedra reuniron ao cooperativismo cultural de todo o Estado. A presidenta de EspazoCoop, Ana Olveira e a representante da Sectorial de Cultura Emilia Candal participaron nas xornadas da Unión, que contou con representantes das institucións e entidades: Coceta, Concello de Santiago, Deputación da Coruña, Agadic, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería de Cultura, Lingua a Xuventude, Ministerio de Trabajo y Economía Social, Concello da Coruña, e Culturgal. Novembro 2025.

→ **Outonos Cooperativos:** Ana Olveira, Presidenta da Unión de Cooperativas EspazoCoop, participou no videopodcast dos Outonos Cooperativos, encontros inspiradores para visibilizar os valores da economía cooperativa a través de empresas asentadas no territorio galego, como o caso da cooperativa Bidafarma no que se celebrou a iniciativa cunha conversa entre representantes da administración, o sector e a propia cooperativa. Decembro 2025.



Gala clausura Ano Internacional das Cooperativas 2025
“Pódese vivir do cooperativismo”

→ **Gala clausura Ano Internacional das Cooperativas 2025 “Pódese vivir do cooperativismo”:** A presidenta de EspazoCoop Ana Olveira, e os membros do consello reitor, Celso Gándara, Emilia Candal, José Eiras, Claudia Rodríguez, Miguel Filgueira e José Carlos Freire, participan na Gala clausura do AIC2025 impulsada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consello Galego de Cooperativas (Cogaco), doque EspazoCoop fai parte. Praza da Quintana, Santiago, decembro 2025.

→ **Declaración Institucional do CES Galicia en apoio ao AIC2025:** O CES apoia a declaración do cooperativismo galego polo Ano Internacional das Cooperativas 2025. A proposta da representación da economía social no CES-Galicia, a Comisión Permanente aprobou na súa sesión do 4 de decembro o apoio do organismo á declaración do cooperativismo galego. Decembro 2025.)

## CONVENIOS ASINADOS EN 2025

→ **EspazoCoop e Fiare Banca Ética:** A Unión de Cooperativas EspazoCoop e Fiare Banca Ética renovan o convenio de colaboración que veñen mantendo dende hai cinco anos. O convenio posibilitará o apoio financeiro ás cooperativas socias de EspazoCoop.



# EspazoCoop na economía social galega: Foro pola Economía Social Galega

## Accións realizadas no Foroesgal

→ **Foro pola Economía Social Galega - Foroesgal:** EspazoCoop participou nas Xuntas directivas; na Xornada Estratéxica coa participación da Secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino, e na Asemblea do Foroesgal no mes de abril; no Día da Economía Social en xuño; e no Café con Aroma a Economía Social en novembro.



# EspazoCoop no marco do cooperativismo estatal

## Accións realizadas no ámbito estatal




Asemblea de Coceta

→ **Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado (Coceta):** A Unión participou a nivel estatal na actividade ordinaria de Coceta, unha participación que foi tanto política como técnica, nos distintos grupos de traballo da Confederación (xurídico, formación, normativa laboral e fiscal). Coceta dinamizou o debate, a consulta e a identificación de reclamacións e demandas sobre cuestións específicas e transversais que afectan ás cooperativas. EspazoCoop participou nas executivas de Coceta, nos Consellos Reitores, e na Asemblea de Coceta en Murcia; asistiu á presentación de Murcia como Capital española da economía social 2025; na xornada Xuntas pola Economía Social en Murcia; na Asemblea da Alianza Cooperativa Internacional, Congreso da ACI en Manchester - Comité de xénero; fixo parte da executiva do Comité de Xénero da ACI para promover a igualdade de xénero nas cooperativas; participou tamén na Semana Europea da Economía Social en Murcia, no Congreso FAECTA 30 aniversario en Sevilla, no Foro Asset en Donosti, nas xornadas de Planificación e na Asemblea de Cepes en Murcia, nos Premios do cooperativismo de traballo asociado en Madrid, e no Consejo para el Fomento de la Economía Social.

→ **Encontro de representantes da Economía Social nos CES e no CESE en Valencia:** O CES galego asiste ao Encontro en Valencia de representantes da economía social nos Consellos Económicos e Sociais de España e Europa. Como representante do CES Galicia participou Mar Pernas. Valencia, abril 2025.

→ **Unión  Española de Cooperativas de Ensino - UECoE-:** EspazoCoop participou na actividade ordinaria de UECoE: Participa en cinco consellos reitores e na Asemblea da Unión, así como na Xornada de presentación de resultados do programa Patios en Transición en xuño, nas Xornadas ODS, e no encontro temático sobre situación da xubilación parcial nas distintas CC. AA. en novembro.

# Sectoriais de EspazoCoop

## Accións realizadas nas sectoriais

### Sectorial de Ensino

- **EspazoCoop, e Aces Galicia participan na mobilización do ensino concertado:** A Unión de Cooperativas EspazoCoop participou na mobilización cos sindicatos con representación no Ensino Concertado (FSIE, UGT-SP, CCOO, USO e SNEP) a través da súa pertenza a ACES Galicia, Asociación de Centros de Economía Social de Galicia, fronte ás dependencias da Xunta en San Caetano. Entre as principais demandas que sustentaron atopábase a falta de Xubilación Parcial con contrato de relevo, a prohibición da Paga Extraordinaria de Antigüidade (PEA) desde o ano 2012, o afastamento progresivo da homologación salarial, a ausencia de redución da carga de horas lectivas, e a falta de recoñecemento de complementos de cargo para o persoal docente e de administración e servizos, Santiago, xuño 2025.
- **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:**
  - Aces-Galicia mantivo unha xuntanza coas responsables da Dirección en relación á posta en funcionamento do Programa PROA+ 2024-2026, en xaneiro.
  - Presentación da campaña de campamentos dixitais de verán e as condicións de participación dos centros concertados, en abril.
  - Xuntanza coas organizacións patronais para dar a coñecer as instrucións de organización e funcionamento dos centros para o curso 2025-2026 e as novidades relativas ao programa EDIXGAL en xuño.
- **Sindicato FSIE:** Xuntanza coa Secretaria Federal de FSIE Galicia, de cara a analizar vías conxuntas de colaboración ante a Consellería de Educación, en xaneiro.
- **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:**
  - Aces-Galicia e a Mesa Tripartita do Ensino Concertado mantiveron seis xuntanzas para tratar a situación do acordo de xubilación parcial na concertada, para analizar as bases dun novo acordo para o sector que se aprobou a finais de ano, de febreiro a novembro.



Reunión coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

  - Aces-Galicia mantivo unha reunión para coñecer a situación de concesión/supresión de unidades de concerto para o curso 2025-2026, en xuño.
- **Xefatura Territorial Educación Ourense:** Con motivo da participación do Xefe Territorial de Educación en Ourense na XXIII Expociencia do colexio Guillelme Brown, marzo.

- **Participou como xurado no Certame Cooperativismo no Ensino:** nas modalidades de actividades artísticas, actividades cooperativas e proxectos empresariais cooperativos, maio.
- **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP:**
  - Participación na manifestación convocada polas organizacións sindicais ante a sede da Consellería reclamando melloras no sector, xuño.
- → Aces-Galicia asina o acordo de xubilación parcial no sector para o período 2026-2029, decembro.
- **Secretaría Xeral Técnica Consellería Educación:**
  - Presentación do Plan de Vacinación nos centros de ensino e achega de suxestións de mellora, setembro.
  - Presentación do anteproxecto de borrador da Lei de Educación Dixital de Galicia e apertura de prazo de presentación de solicitudes, outubro.
- **Organizacións Sindicais e Patronais Concertada:** Xuntanza para elaboración dunha proposta conxunta para un novo acordo de xubilación parcial no sector, outubro.

## Sectorial de Cultura

- **Encontro EspazoCoop e Federació de Cooperatives de Treball de Catalunya:** Encontro do sector cooperativo cultural galego e catalán en Galicia, con reunións e visitas a espazos e proxectos. Santiago, abril 2025
- **Proxecto CULTSOS | Misións comerciais das cooperativas culturais:** Cultsos —cultura social e sostible— foi un programa PERTE da cultura que contribuiu a crear alianzas estratéxicas no sector cultural da economía social en varios territorios do Estado.

EspazoCoop fixo parte do consorcio de socias participando en varias liñas do proxecto e especialmente nas Misións comerciais en Madrid e Euskadi, cunha delegación galega de 5 cooperativas socias: Urdime, Tako, O Cable Inglés, 7H, Xeitura, ademais da xerencia da Unión e o responsable da sectorial, e representantes técnico e político da sectorial de cultura de EspazoCoop. Contou ademais coa participación da directora xeral de economía social, Marta Mariño. Xuño 2025.

Proxecto CULTSOS: Misións comerciais das cooperativas culturais



- → **Xornadas Somos Cultura, Somos Coop:** Tres días de encontros en Santiago, A Coruña e Pontevedra que reuniron ao cooperativismo cultural de todo o Estado, en colaboración con Coceta, no marco do seu proxecto CulturaCoop, que contou coa presenza de cooperativas de Cataluña, Valencia, Andalucía e Madrid. Novembro, 2025.
- → **Feira das Industrias Culturais e Creativas (Culturgal)**: Asistiu ao Culturgal co cooperativismo cultural e reuniuse con representantes institucionais.

## Sectorial de Asesoría Consultoría

Celebrou a súa xuntanza anual, impulsou e realizou formación especializada, elaborou o Catálogo de cooperativas de Asesorías e Consultorías da sectorial, e habilitouse na web un apartado propio para a sectorial. Por outra parte, a sectorial analizou as posibilidades de extensión da marca a ExpertCoop Consultoras, como variante de ExpertCoop Asesorías, e iniciou o diálogo para un acordo de colaboración coa Oficina Económica de Galicia, a través do IGAPE. Citar tamén, a realización dunha xornada sobre Contratación Pública Responsable. Ademais, o labor de representación e defensa do sector continúa para mellorar trámites e procedementos coas administracións, nos procesos concursais e licitacións, etc.



Xuntanza da Sectorial de Asesoría Consultoría

## Sectorial de Consumo

Celebrou un Encontro de Intercooperación de cooperativas de consumo, no que se divulgou a situación das mesmas desde o punto de vista cuantitativo e cualitativo, os fitos máis relevantes da traxectoria da Sectorial e a priorización de accións que fomenten e consoliden a intercooperación no período 2025-2026.

# SERVIZOS A COOPERATIVAS SOCIAS

# Consolidación cooperativa e desenvolvemento

→ **Ferramenta dixital de xestión ES-factory para cooperativas "casas do maior" | economía prateada.** EspazoCoop no marco do proxecto ES-Factory puxo en marcha a elaboración dunha ferramenta dixital para facilitar e mellorar a xestión da operativa diaria en Casas do Maior que están organizadas en réxime de cooperativa en Galicia

Trátase de avanzar nun traballo de deseño, implanementación e testeo dunha ferramenta que axude á xestión documental dos centros cuxa actividade é o apoio e atención a persoas maiores de baixa dependencia ou non dependentes (as denominadas Casas do Maior), e que o fan dende o modelo cooperativo.

Búscase consolidar empresas en actividades emerxentes, como neste caso na economía prateada e no sector dos coidados, no marco da Rede de Aceleradoras do proxecto ES-Factory, e nas accións de cooperativas de impulso de capacidades e desenvolvemento de plataformas dixitais. EspazoCoop conta cun grupo de 6 cooperativas socias que son Casas do Maior.

→ **Catálogo de cooperativas asesorías e consultoras.** Entre as cooperativas de EspazoCoop destacan arredor de 30 do ámbito de asesorías e consultoras, organizadas nunha sectorial específica que aglutina e que exemplifica o dinamismo e a capacidade de adaptación do cooperativismo ante os desafíos sociais e económicos.

A xeración deste grupo específico, amosa como o modelo cooperativo xera rede, conexión e espazos de colaboración e cocreación. Materializando procesos e proxectos de intercooperación como a Marca ExpertCoop. Este catálogo COOPS ASESORA pretende ser unha pequena xanela da diversidade das cooperativas Asesorías e Consultoras que alberga Galicia no seo de EspazoCoop. Realizouse no marco da programación da Rede Eusumo.

→ **Sesión informativa axudas a comunidades enerxéticas.** Sesión informativa sobre convocatoria de Axudas de Fiare Banca Ética a fondo perdido para Comunidades Enerxéticas, realizada en colaboración con Fiare Banca Ética, e en liña co proxecto do que é socia EspazoCoop, EC4Rural, liderado pola UVigo (sobre transición enerxética limpa no rural a través do impulso de comunidades enerxéticas rurais). Xaneiro, 2025.

→ **"ES-factory espazocoop-impulsa". Aceleradora de proxectos de economía social.** A Aceleradora de EspazoCoop fai parte da Rede de aceleradoras de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas economías emerxentes, do proxecto ES-Factory (Poctep).

"EspazoCoop – Impulsa" contou con formación, mentorías e apoio na busca de financiamento, as cooperativas participaron nun itinerario orientado a impulsar e consolidar as súas iniciativas

empresariais en réxime de cooperativa. Durante 5 meses recibiron soporte para que os proxectos e súas necesidades de aceleración, puideran desenvolverse máis rápido, dun xeito viable, sostible, e co acompañamento adecuado.

Para presentar a Aceleradora e captar beneficiarias en marzo de 2025 organízase co apoio da Rede Eusumo un encontro: a xornada “Programa Academia Factoría da Economía Social” no Polo de Emprendemento de Vilanova no que participaron 28 persoas. Un evento marcado pola participación de experiencias cooperativas premiadas, participantes de programas de aceleración e impulso de proxectos como Somos Terra S.Coop.Galega, alternativas financeiras como Coop57 Galicia, Fiare Finanza Éticas, AIS O Peto, crowdfunding e proxectos financiados dende as finanzas éticas.

A formación en liña da Aceleradora tamén se enmarca Academia Factoría da Economía Social —apoiada pola Rede Eusumo—. Con ela as cooperativas adquiriron coñecementos en economía social, financiamento ético e sostible, axudas, xestión económica-financeira, habilidades comunicativas, traballo en equipo, liderado, e competencias comerciais e de proxección para ampliar mercados. Participaron 18 persoas de nove cooperativas (Miudiño, 13Grados, Arela Saúde, A Milpa do Salnés, Enraizando, Árbore, Kessel Hair Wellness e TR3SÍN).

Ao mesmo tempo, as cooperativas participaron nun calendario de sesións de mentorías con titorización personalizada para apoiar e desenvolver as liñas que as cooperativas traballaron na aceleradora “EspazoCoop-Impulsa” do proxecto ES-Factory e a Rede Eusumo.Esta edición da Aceleradora contou con 18 proxectos inscritos, dos cales foron elixidos as 6 cooperativas participantes: Miudiño






S. Coop. Galega, 13 Grados S. Coop. Galega, Arela Saúde S. Coop. Galega, Enraizando S. Coop. Galega, A Milpa do Salnés S. Coop. Galega, e Árbore Arqueoloxía S. Coop. Galega.

Esta iniciativa e as súas diferentes accións chegaron a 52 beneficiarias, e tamén fixo parte da programación da Rede Eusumo (Xunta de Galicia).

→ **Xornada "Innovación e crecemento na economía laranxa galega" [ES-factory]**
En setembro de 2025 foi celebrada a presentación da Guía de Emprendemento en Economía Social e Laranxa, no marco do proxecto ES-Factory (Poctep) nunha xornada destinada a cooperativas culturais e empresas da economía social que tamén foron enquisadas e escoitadas na sesión realizada no centro municipal Cersia Empresa de Santiago.
Unha sesión que contou con 8 participantes na que se identificaron necesidades, retos e boas prácticas para enriquecer a Guía. Ao mesmo tempo compartíronse ideas, aprendizaxes e propostas de mellora na economía laranxa galega.

→ **CULTSOS Cultura Social e Sostible | Misións Comerciais Madrid e Euskadi.**
EspazoCoop participa no proxecto europeo CULTSOS Cultura Social e Sostible (PERTE da Cultura), unha alianza estratéxica para o sector cultural da economía social, cuxo fin foi impulsar a innovación, a competitividade e a resiliencia do sector cultural a través do fomento da ES e o aliñamento cos ODS da Axenda 2030. As entidades socias de CULTSOS foron unha agrupación de sete entidades: Kultiba S. Coop., Reds, Goiena Komunikazio Taldea S. Coop., Mondragón Lingua Alecop S. Coop., Isea S. Coop., Garapen e EspazoCoop.




Delegación de EspazoCoop nos encontros de CULTSOS

A sectorial de cultura da Unión e as súas cooperativas puideron participar en varias iniciativas de CULTSOS, concretamente no Directorio, en Webinars de intercambio de boas prácticas culturais, e nas Misións Comercias en Madrid e Euskadi, de tres días nas que participaron 5 cooperativas socias facendo parte da delegación galega: O Cable Inglés, Tako Group, 7H Cooperativa Cultural, Xeitura e Urdime.

- → **Xornada "Cooperación no sector cultural e creativo",** en xuño en Bilbao, con presenza galega de cooperativas e institucións, con Marta Mariño (Xunta de Galicia), e representantes do Goberno Vasco, Elkar-Lan S. Coop., Kofekoop Confederación de Cooperativas de Euskadi, e ASLE a Agrupación de Sociedades Laborais de Euskadi. Na sesión da tarde desenvolveuse a Misión Comercial Galicia-Euskadi, un encontro entre cooperativas galegas e vascas de intercambio, no que se visita o proxecto cultural Wikitoki.
- → **Sesión de políticas culturais do Goberno Vasco,** en xuño en Bilbao, organizado por Kultiba, e de coñecemento de iniciativas e proxectos establecidos na Illa de Zorrozaurre, como IED-Kunsthal e Pabellón 6. Nesta actividade participaron representantes do Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno Vasco, Kultiba, EspazoCoop, Garapen, cooperativas de Galicia e axentes culturais de Euskadi.
- → **Xornada "Cultura Sostible: Claves de futuro e ferramentas para a acción",** en xuño en Madrid, organizada por Red Española para el Desarrollo Sostenible (REDS-SDSN Spain), e coa participación do Ministerio de Cultura, Laboral Art Center, e o Observatorio Cultural da Universidade de Valencia, tratando a creación de narrativas e proxectos culturais aliñados cos ODS, e un taller sobre como incorporar criterios de desenvovemento sostible en proxectos culturais.Na tarde desenvolveuse a Misión comercial Galicia-Madrid, coa visita ao proxecto cultural Teatro del Barrio por parte das cooperativas galegas.



Mesa de debate na xornada "Cultura Sostible: Claves de futuro e ferramentas para a acción"

- → Coas **misións comerciais de Bilbao e Madrid** reuniuse a diferentes empresas do sector cultural para explorar novas oportunidades de negocio, coñecer produtos e servizos do tecido galego, vasco e madrileño para promover actividade económica, ampliar mercados, contactos e gañar experiencia, en definitiva facer un sector cultural máis forte e cooperativo.

## Programas de acompañamento para consolidar cooperativas

→ **EspazoCoop Acompaña Concello da Coruña:** En colaboración co Concello da Coruña, EspazoCoop tamén prestou un servizo de consolidación empresarial destinado a cooperativas do concello, con 50 horas de atención prestadas no espazo municipal Centro de Empresas Accede Papagaio, deu como resultado o acompañamento a 5 cooperativas no desenvolvemento da súa actividade e de novas iniciativas: Laboratorio Escénico S. Coop. Galega, Simbiosis S. Coop. Galega, Tako Group S. Coop. Galega, MedAtlantia S. Coop. Galega e Pardiñas S. Coop. Galega.

→ **Programa Consolida+:** EspazoCoop co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia), puxo en marcha o Programa Consolida+ que acompañou ás socias e órganos directivos na xestión das cooperativas, identificando potenciais melloras e oportunidades de crecemento.

Consolida+ proporcionou recursos de auto diagnose e planificación para optimizar a xestión e o rendemento das empresas cooperativas. Como resultados destacados, citar a











realización de 750 horas de titorías personalizadas en temas como a análise social, a modificación de estatutos, resolución de conflitos, planificación económico-financeira e mellora comercial.

Consolida+ tamén ofreceu formación sobre ferramentas básicas de xestión (20 h.), no que se formaron 10 cooperativas, e realizou 1 vídeo sobre o programa con cooperativas beneficiarias e técnicos de acompañamento que fixeron visible os servizos de Consolida+, coas experiencias de: Cru S. Coop. Galega, Micelio S. Coop. Galega e Ailuro Cat Café S. Coop. Galega.

No programa participaron 48 cooperativas de toda Galicia, que destacaron a importancia deste tipo de iniciativas para fortalecer a súa estrutura e consolidarse no mercado.

Na xornada final de programa, celebrada en setembro de 2025 na cooperativa A Morada de Vigo, visibilizáronse os resultados e o colectivo beneficiario de cooperativas socias, servindo tamén como cita para conectar e intercambiar sobre distintos aspectos de interese, na que se reuniron máis de 25 participantes.

→ **EspazoCoop Emprende, o futuro é cooperativa: fase semente.** A Unión de Cooperativas EspazoCoop, o Fondo Social Europeo Plus e Cepes en 2025 continúan avanzando co Proxecto EspazoCoop Emprende, un Programa de Emprego, Formación, Educación e Economía Social (EFESO). Dito programa, que impulsa a creación cooperativas ata o ano 2029, ademais de dar soporte no proceso de emprender en cooperativa, ofreceu servizos na fase semente (o primeiro ano e medio de vida), mediante acompañamento e formación a 38 cooperativas para alcanzar a consolidación.



→ **Talento Cooperativo | Bolsas de apoio á función xerencial en cooperativas.** A Unión de Cooperativas EspazoCoop, a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), e o consorcio de socias do proxecto ES-Factory (no marco de Interreg España-Portugal) lanzaron Talento Cooperativo, un programa para dar apoio á función de xerencia en cooperativas. Ofreceu 6 bolsas para apoiar procesos de mellora en cooperativas. A través da incorporación dunha persoa con formación empresarial na empresa, realizouse un labor de análise. As bolsas ademais, contan cun programa de formación teórico-práctico para as bolseiras. En 2025 as cooperativas beneficiarias foron: A Talangreira do Beque, Miudiño, Cofepa, Simbiosis, Cru e Enraizando. O programa incluiu unha formación mixta, en materia de cooperativismo, en colaboración coa USC, para as persoas que se candidataron como bolseiras.

→ **Organización da Xornada "Talento Cooperativo"** en outubro de 2025 que serviu para informar sobre o proxecto Talento Cooperativo a cooperativas e empresas de economía social, a potenciais persoas bolseiras, e mesmo a profesionais do ámbito do emprego para mostrar o recurso dispoñible das bolsas. Na sesión ademais presentáronse os resultados da

enquisa de detección de necesidades de formación das cooperativas galegas, e contouse con experiencias de bolseiras e cooperativas doutras edicións, reunindo a 10 participantes.

→ **Xornada "Accede a contratos públicos".** A Unión de Cooperativas EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), celebraron a xornada para divulgar entre cooperativas e empresas da economía social estratexias para acceder ás contratacións públicas das Administracións. Foi en setembro de 2025 en Vigo nas instacións de A Morada S. Coop. Galega, e contouse coas dinamizadoras Carme Casado, responsible de promoción económica do Concello de Santiago, e con Teresa Rivas, socia de Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega. A iniciativa tamén serviu para promocionar a Contratación Pública Responsable. Participaron 27 persoas (de vinte organizacións: 14 cooperativas e outras 6 entidades da economía social).

# Asesoramento

→ **Servizo de apoio na xestión de cooperativas.** En 2025 as socias de EspazoCoop empregaron o servizo de consultas para a xestión cooperativa no que se abordan temas xurídicos e da sociedade, contables, fiscais, laborais, sobre axudas e subvencións específicas para o sector cooperativo, asesoría xurídica de educación, ou mediación coa Administración para aquelas cooperativas asociadas que o precisan, entre outros. Con 125 cooperativas.

# Intercooperación

→ **Programa de intercooperación. Intercooperación sectorial.** EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia) realizaron un Programa de Intercooperación para fomentar a colaboración, tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da economía social e solidaria. Facilitou o coñecemento mutuo, a abordaxe de temas de interese comúns e a procura de solucións mediante estratexias de cooperación. En 2025 celebráronse 4 encontros con catro sectoriais de EspazoCoop: Sectorial de Asesorías e Consultorías,

Xornada «Accede a contratos públicos» celebrada en Vigo



Sectorial de Ensino, Sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente, e Sectorial de Consumo. Neles participaron 78 participantes e 52 entidades. A maiores o programa prestou asesoramento a proxectos de colaboración xurdidos dos encontros, un total de 40 horas a 9 participantes de 4 cooperativas da Sectorial de Asesorías: 50 Pés Consultora S. Coop. Galega, Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega, Fylsem Asesores S. Coop. Galega e Rexenerando S. Coop. Galega, centradas na definición da marca da Unión ExpertCoop —asesoramento experto para cooperativas—. Traballaron a clarificación e definición dos criterios de obrigado cumprimento que deben reunir as cooperativas que opten a empregar este distintivo.



Encontro da Sectorial de Ensino

→ **Encontro de Networking Cooperativo. Intercooperación Territorial.** EspazoCoop e o Concello da Coruña no marco do convenio que ambas entidades mantiveron en 2025 realizaron o Encontro Networking Cooperativo "Tecendo Redes" no Centro Municipal de Empresas Accede Papagaio, para fomentar o mutuo coñecemento e os vínculos entre cooperativas do territorio, explorando posibles sinerxias e vías de colaboración realistas, reflexionando colectivamente sobre a colaboración entre cooperativas, e a colaboración coas administracións públicas (contratos menores, licitacións, convenios...). Participaron 24 persoas (e 20 cooperativas).



→ **Xornadas Somos Cultura, Somos Coop. Intercooperación sector cultural**. As xornadas realizáronse baixo o lema: «A cultura como dereito, o cooperativismo como motor social», os días 26, 27 e 28 novembro 2025. EspazoCoop, en colaboración con Coceta e con motivo do Ano Internacional das Cooperativas 2025, organizou un encontro do cooperativismo cultural en Galicia durante tres días con sede nas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra (na Feira Culturgal). Con esta iniciativa EspazoCoop buscou favorecer a colaboración público-privada a favor do cooperativismo, amosar o auxe do mesmo no sector das industrias culturais e creativas, e facilitar a intercooperación do cooperativisimo cultural.

O encontro convocou a un total de 52 participantes de cooperativas culturais, asociacións de cooperativas e público interesado de diversos territorios (Valencia, Andalucía, Cataluña, Madrid e Galicia). Contaron co apoio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través de Agadic, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación da Coruña, a Rede Eusumo, e o Ministerio de Trabajo y Economía Social, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, o Concello da Coruña e Culturgal.




Xornadas “Somos Cultura, Somos Coop”

→ **Xornada Cultura no AIC2025, Santiago**, 52 participantes.

→ **Xornada «A Cultura é un dereito: impulsando o sector cultural cooperativo»**, A Coruña, 37 participantes.

→ **Xornada Cooperativismo Cultural motor de futuro, Pontevedra,** 33 participantes.









O IV Congreso Galego de Cooperativas de Endsino celebrouse en Sanxenxo o 15 de novembro de 2025

→ **IV Congreso Galego de Cooperativas de Ensino.** EspazoCoop e a Asociación de Centros de Economía Social de Galicia (Aces-Galicia) celebraron o IV Congreso Galego de Cooperativas de Ensino no marco do AIC2025, e co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia).

O evento permitiu analizar procesos internos das cooperativas de ensino e centros de economía social de Galicia para desenvolver o potencial do ensino cooperativo galego. Baixo o lema "As cooperativas de ensino axudamos a construír un mundo mellor", o Congreso de EspazoCoop reivindicou un modelo de ensino perante as Administracións competentes, as organizacións do sector do ensino, e ante a cidadanía, para facer visible e difundir unha alternativa válida tanto a nivel empresarial e laboral como pedagóxico, baixo os principios do cooperativismo. O seu programa contou con relatorios marco, grupos de traballo, stands, e un xantar de confraternidade e intercambio cos participantes e o público asistente. A iniciativa congregou a 63 participantes en novembro de 2025 en Sanxenxo.

# Formación

→ **Academia Factoría da Economía Social.** O programa Academia Factoría da Economía Social celebrou o curso en liña “Formación para aceleración de proxectos cooperativos”, de 25 h., coa finalidade de fortalecer as habilidades das persoas emprendedoras no ámbito do cooperativismo e a economía social en Galicia: adquirir coñecementos básicos de economía social, vías de financiamento ético e sostible, axudas, apoios, xetión económica e financeira, habilidades comunicativas, traballo en equipo, liderado, competencias comerciais e de mercado. Participaron 18 persoas de nove cooperativas (Miudiño, 13Grados, Arela Saúde, A Milpa do Salnés, Enraizando, Árbore, Kessel Hair Wellness e TR3SÍN). A acción formativa enmarcouse nas accións da Rede Eusumo (Xunta de Galicia) e no programa europeo ES-Factory (Poctep), a través da súa aceleradora de proxectos “EspazoCoop Impulsa”.

→ **Programa de Formación Especializada para Cooperativas.** EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela, no marco do seu convenio de colaboración, desenvolveron o




Sesión do Programa de Formación Especializada para Cooperativas

Programa de Formación Especializada para Cooperativas, conformado por 3 cursos: "Xestión laboral e societaria de cooperativas", "Márketing dixital para cooperativas", "Inteligencia artificial e economía social". Impartíronse 15 horas de formación nas que participaron 46 persoas. O programa permitiu consolidar e actualizar coñecementos ao tempo que se dinamiza a relación entre cooperativas e emprendedoras, favorecendo o traballo colaborativo e a intercooperación.

→ **curso ferramentas básicas de xestión cooperativa. Programa Consolida+.** Consolida+ consolidación do tecido cooperativo, ofreceu formación sobre ferramentas básicas de xestión de empresas cooperativas (20 h.), un curso en liña vinculado a Consolida+ sobre organización societaria e xestión empresarial en cooperativas no que participaron 10 cooperativas.

# Información

→ **Servizo de comunicacións por email.** Enviáronse 73 comunicacións con información relacionada coa publicación de convocatorias de axudas, premios, formación, programas, convites a actos, feiras, ofertas, etcétera.

→ **Boletíns semanais.** Envío de 42 boletíns electrónicos con información das actividades, programas, servizos e accións de representación de EspazoCoop, novidades do sector, actividades sectoriais e outros temas.

→ **Actualización da web**. Actualización semanal da web da Unión, con contido relacionado coa actividade que desenvolve, proxectos, convocatorias, fomento do cooperativismo, actualidade cooperativa, e outros contidos e apartados. Destacando tamén a renovación semanal das referencias e o acceso ás bases reguladoras de axudas e licitacións publicados en diarios oficiais, de interese para cooperativas socias.

# CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA

**20** INICIATIVAS

**+551** PARTICIPACIÓNS

**217** INTER-COOPERACIÓN

**228** ASESORAMENTO

**74** FORMACIÓN

# Afiliación e datos das socias

Durante o ano 2025 asociáronse **40 novas cooperativas** á Unión de Cooperativas EspazoCoop. O conxunto de socias alcanza, ao peche da memoria social 2025, **285 cooperativas.**

Ampliar a base social fortalece a capacidade de representación e de defensa do cooperativismo galego.

## Tipo de cooperativas

**236** TRABALLO ASOCIADO

**25** ENSINO

**18** XUVENÍS

**6** CONSUMO

## Socias traballadoras e socias de consumo

- → Total de socias cooperativistas **3.039**
- → **1.368** socias traballadoras
- → **1.671** socias de consumo

## Mulleres cooperativistas

- → Máis da metade do total de persoas asociadas son mulleres

# FOMENTO DO COOPERATIVISMO

# Programas de emprendemento cooperativo de EspazoCoop

→ **EspazoCoop Emprende. O futuro é cooperativa.** A Unión de Cooperativas EspazoCoop, o Fondo Social Europeo Plus e Cepes continúan desenvolvendo en 2025 o Proxecto EspazoCoop Emprende, no marco do Programa de Emprego, Formación, Educación e Economía Social (EFESO). Un programa para dar impulso á creación de emprego formando cooperativas ata o ano 2029, que está conformado como un servizo de dinamización, apoio e acompañamento para emprender en réxime de cooperativa, con itinerarios personalizados de emprendemento en economía social. En 2025 levou a cabo actividades de sensibilización (charlas), formación, e asesoramento a grupos pre-cooperativos, apoio na constitución da cooperativa, nos trámites das axudas, e ofreceu servizos na fase



semente (o primeiro ano e medio de vida), mediante acompañamento e formación para alcanzar a consolidación da cooperativa.

→ A Xornada en Pont Up Store EspazoCoop Emprende, celebrada no marco da Feira Pont Up Store o 19 de setembro de 2025 no Teatro Principal de Pontevedra, foi o segundo evento público co que a Unión mostrou este servizo á cidadanía, cunha mesa de debate "Cooperativismo e Innovación: unha aposta para o futuro", na que participaron cooperativas en diferentes fases de desenvolvemento e participantes da fase semente, celebrando varios Obradoiros Prácticos: Da idea á cooperativa: pasos básicos para constituír unha cooperativa; Modelos de negocio cooperativo: ferramentas para a sostibilidade empresarial; e Financiamento e recursos: alternativas para financiar proxectos cooperativos. A xornada completouse coa visita aos stands de Pont-Up Store para coñecer de primeira man os seus emprendementos.

EspazoCoop Emprende, conta ademais cunha liña de comunicación: unha páxina web con recursos, novas, entrevistas e información. A imaxe e o lema deste programa reforzan a promoción do servizo e do modelo cooperativo, que se completa con accións comunicativas periódicas nas canles das redes sociais da Unión, material promocional (folletos e carteis), publicidade do servizo en medios dixitais, e notas de prensa para medios.

→ **+COOP.** EspazoCoop e a Rede Eusumo (Xunta de Galicia) desenvolveron o Programa +COOP: apoio na creación de cooperativas, cuxa finalidade foi asesorar e acompañar a grupos de persoas que promoveron a constitución de empresas cooperativas na comunidade.

EspazoCoop contou na edición 2024-2025 cun fondo de 600 horas para prestar o servizo, sendo a Unión unha entidade de referencia en Galicia na promoción das cooperativas, e un dos puntos aos que acudir para coñecer como poñer en marcha unha empresa deste tipo. Este programa deu como resultado a constitución de 20 cooperativas. O programa apoiou a xeración de 55 empregos directos, dos cales o 69% eran mulleres. Por provincias 11 cooperativas en Pontevedra, 7 na Coruña e 2 en Ourense.











- **ES-FACTORY. Rede de aceleradoras de economía social en actividades emerxentes.** A Unión de Cooperativas EspazoCoop, a Xunta de Galicia e o consorcio de socias de ES Factory (Agaca, Aesgal, USC, Utad, TecMinho e In Cubo), no marco de Interreg España-Portugal (PocTep), desenvolveron a Rede de aceleradoras de economía social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal, que conta cunha páxina web propia. Na liña de fomento do emprendemento, en 2025 EspazoCoop, como parte do traballos levados a cabo en ES-Factory, realizou:

- A Guía para o Emprendemento en Economía Social e Laranxa.
- O Plan Operativo de Implantación de ODS para o impulso do emprendemento na economía social.

Por último, participou en accións e iniciativas dos socios do proxecto relacionadas co emprendemento.



## Servizos de atención para crear cooperativas

**18** COOPERATIVAS CREADAS

**39** EMPREGOS

**61** PROXECTOS

**131** PERSOAS ATENDIDAS

# Actuacións de promoción do cooperativismo de EspazoCoop

→ **Ano Internacional das Cooperativas 2025.** EspazoCoop apoiou o Ano Internacional das Cooperativas 2025 declarado pola ONU, baixo o lema “As cooperativas constrúen un mundo mellor”. Ao longo do ano EspazoCoop con este recoñecemento subliñou o papel vital das cooperativas na promoción do desenvolvemento sostible, a erradicación da pobreza e o fomento do crecemento económico inclusivo. Entre os obxectivos estivo concientizar ao público para destacar as contribucións das cooperativas ao desenvolvemento sostible.
Para elo dende principios do ano empregou o logotipo e imaxe oficial na súa actividade e animou á base social a facelo tamén, habilitou unha sección na súa web do AIC2025 coa actividade realizada tanto a propia como a fomentada en espazos como o Consello Galego de Cooperativas (do

que fai parte), quen realizou un vídeo promocional e a Gala do AIC2025 na Praza da Quintana en Santiago, entre outras. Destaca o acto de EspazoCoop "Somos rede, somos impulso" que foi celebrado no marco da súa asemblea o 23 de maio, coa asistencia de preto de 80 persoas, celebrou con este evento público e aberto á cidadanía o Ano Internacional das Cooperativas 2025 na Cidade da Cultura. Ademais de realizar unha xornada co Concello de Santiago "Transformando a cidade dende o Cooperativismo", o 4º Congreso Galego de Cooperativas de Ensino, as xornadas "Somos Cultura, Somos Coop" e varias declaracións institucionais de apoio (Parlamento de Galicia, CES, Concello de Santiago e Concello da Coruña).

→ **EC4Rural, Comunidades Enerxéticas.** EspazoCoop, a UVigo e o consorcio de socias do proxecto europeo EC4RURAL, desenvolven esta iniciativa. A mesma ten como prioridade asegurar que as comunidades rurais europeas participen e se beneficien da transición cara ás enerxías limpas a través da creación de comunidades enerxéticas.
A Unión de Cooperativas EspazoCoop como socia de EC4Rural participa para contribuír a sensibilizar, dinamizar, formar e acompañar ás persoas dos concellos rurais de



Celebración do Ano Internacional das Cooperativas: Somos Rede, Somos Impulso



Proxecto EC4Rural, Comunidades Enerxéticas

Galicia que promovan comunidades enerxéticas organizadas baixo modelos cooperativos e de economía social. En 2025 participou en 7 accións do proxecto.

Participou na Formación especializada para liderar a transición enerxética e a creación de CER, con 4 edicións do curso “Comunidades de Enerxía Renovables”, formación online dirixida á cidadanía, concellos, GDRs e calquera persoa interesada na implantación de modelos de enerxía comunitaria, cunha duración de 36 h. EspazoCoop impartiu o módulo “Sensibilización cara unha cidadanía enerxética”. Os cursos chegaron a casi un cento de persoas (96 participantes).

EC4RURAL, a finais do pasado ano, e no ecuador do proxecto, organizou en Vigo a Conferencia Europea “Comunidades enerxéticas rurais: Tendendo pontes entre a acción local e a transición cara enerxías limpas», na que participou EspazoCoop. A mesma mostrou os progresos e os principais resultados.



Sesión de traballo de EC4Rural

O consorcio de EC4RURAL organizou co Concello do Rosal (que é un dos grupos tratores), unha visita de traballo para coñecer unha boa práctica en enerxía comunitaria transfronteiriza: o modelo Efiduero, unha cooperativa europea que opera en España e Portugal, integrada por 55 concellos do territorio transfronteirizo localizado entre Zamora e Salamanca (España) e Trás-os-Montes e Beira Interior Norte (Portugal). A esta visita asistiu EspazoCoop, cun representante de Nosa Enerxía S. Coop. Galega, e outras cooperativas socias.

As CER piloto en Galicia e Estonia avanzan, en Galicia o nivel de implicación dos concellos e de cada iniciativa varían, conformándose grupos impulsores e tractores que están en distintos momentos. Os concellos de Entrimo, Moeche, Muíños, Sober, Vilasantar, Silleda, Outes e O Rosal son grupos tractores (asociacións legais) integrados pola vecindade, o concello e outros axentes sociais, que serven de vehículo xurídico para a CER. O Rosal, é un caso pioneiro en Galicia, conta con Oficina de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas e xa son dúas CE as creadas (O Rosal Enerxía e San Miguel Enerxía).

A Unión tamén participou e colaborou ao longo do ano con distintas accións de difusión e comunicación de EC4Rural.

→ **Presentación de UpmeUp: portal de emprego da economía social e solidaria.** EspazoCoop en colaboración




Presentación de UpmeUp



Roteiro cooperativo na Coruña

con Ecooo organizaron o Evento de presentación de UpmeUp, o portal de emprego da economía social e solidaria impulsado polas cooperativas Facto de Catalunya, Tazebaez de Euskadi e Ecooo de Madrid. UpmeUp é un proxecto sen ánimo de lucro e de software libre. Para dar a coñecer o portal UpmeUp, https://upmeup.es/, levouse a cabo un tour de presentación polo conxunto do Estado. O evento incluíu unha mesa redonda sobre xuventude e ESS na que participou EspazoCoop e as cooperativas Moira e Númax. Santiago, maio 2025. Contou cunha participación de preto de 30 persoas.

- → **Cooperativismo nos centros de ensino, concello da Coruña.**
  - → **Roteiro Cooperativo da Coruña.** EspazoCoop e o Concello da Coruña, desenvolveron en 2025 o Roteiro Cooperativo da Coruña para promoción e divulgación do modelo cooperativo. Realizáronse 3 Roteiros nos que se visitaron tres cooperativas da cidade: Tako, S. Coop.Galega, Malas Sementes S. Coop Galega e Arela Saúde.
  - → **Charlas en centros de ensino da Coruña.** EspazoCoop e o Concello da Coruña, desenvolveron en 2025 a charla "E ti, coñeces a fórmula?" para sensibilizar sobre empresas coooperativas e fomentar o modelo cooperativo entre o alumnado de centros de ensino da Coruña. Realizáronse 3 Charlas nos centros: IES Rosalía Mera e no CIFP Imaxe e Son.

  Cooperativismo nos centros de ensino realizou 6 actividades cun total de 94 participantes.
- → **Roteiro Cooperativo, Santiago.** Realizáronse 4 Roteiros no Concello de Santiago de Compostela, para coñecer catro cooperativas: AlmaZen




Roteiro cooperativo
en Compostela



Charla: “E ti, coñeces a fórmula
cooperativa?” en Santiago

de Ioga, Númax, Comunidade creativa, Conservatorio Histórico de Santiago e Cestola. Participan 66 persoas.

→ **Sensibilización sobre cooperativismo en centros de ensino, Santiago.** Celebráronse 4 charlas divulgativas E ti, coñeces a fórmula cooperativa?, experiencias e casos cooperativos para divulgar a fórmula cooperativa entre o alumnado de centros de ensino de secundaria e formación profesional do Concello de Santiago de Compostela, no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela. Setembro-outubro 2025. Participaron 69 persoas.

→ **Itinerarios de formación cooperativa para emprender.** EspazoCoop, a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o Fondo Social Europeo Plus e Cepes, realizaron 2 itinerarios formativos en liña na Aula Virtual de EspazoCoop, para impulsar o emprendemento en réxime de cooperativa dirixidos ao colectivo da mocidade e ao ámbito rural: A Cooperativa Alternativa de Emprego para a Mocidade e Coopera Rural. Desenvolveu en 2025: 2 cursos de Emprendemento en Cooperativa, 2 cursos de Habilidades para o Traballo en Equipo nas Cooperativas e 2 cursos de Desenvolvendo a Idea Cooperativa. Participaron nas accións formativas -como casos reais- as cooperativas: Educalecrín, e Labrecos. En total, 2 itinerarios, con 6 cursos nos que participaron 63 e 70 persoas respectivamente (130 persoas), e impartíndose 150 horas de formación.

→ **Charlas: sensibilización para o emprendemento cooperativo**. Realizáronse 17 actividades de divulgación sobre o modelo cooperativo “E ti, Coñeces a Fórmula?”, no marco do “Programa de Sensibilización para o Emprendemento Cooperativo”, destinadas a aumentar o coñecemento e a comprensión sobre os valores e vantaxes de emprender en cooperativa, así como concienciar á xente sobre a súa relevancia no fomento da economía local e apoderar ás comunidades e a determinados colectivos e ámbitos: rural, mulleres, mocidade, etc., por ser unha ferramenta idónea nos procesos

de participación e colaboración. Durante 2025 desenvolveu sesións en 13 localidades: Vigo, Ribeira, A Coruña, Cangas do Morrazo, Narón, Ferrol, A Guarda, Pontevedra, Santiago de Compostela, Porto do Son, Oleiros, Ames, e As Pontes. Participaron -como casos reais- as cooperativas: Talangreira do Beque, Kracia, Nakeep, Interpyme, Tagen Ata, Skeirum, Xeitura, Espacios Verdes, Ailuro Cat Café, Moira, Arreda, Enraizando, Simbiosis, e Nave de Lata. En total 17 charlas, nas que participaron 318 persoas e 14 cooperativas, realizadas co apoio da Rede Eusumo (Xunta de Galicia), o FSE Plus e Cepes, no marco do programa EspazoCoop Emprende. O Futuro é Cooperativa.




→ **Curso Talento Cooperativo.** EspazoCoop, a Rede Eusumo (Xunta de Galicia), e o Proxecto ES-Factory, en colaboración coa USC, realizaron un curso de teleformaicón mixta para coñecer o cooperativismo: desenvolver o talento cooperativo do alumnado, difundir o cooperativismo como alternativa para o autoemprego en colectivo, e coñecer experiencias cooperativas en funcionamento. O curso de 25 h contou con 30 participantes.

→ **Feira ESDOMAR.** EspazoCoop colaborou con Fundamar na Feira ESDOMAR xunto á Confraría de Pescadores de Vigo, para realizar un ano máis un espazo de promoción da actividade de entidades da economía social vinculadas ao mar. A Feira é un espazo de encontro da economía social para o emprendemento, a inclusión e a promoción da economía circular e os produtos locais da pesca artesanal, e tamén un lugar de encontro e intercambio da Economía Social para tecer rede entre entidades e cidadanía, co obxectivo de fortalecer o ecosistema da Economía Social e o Mar en Galicia. EspazoCoop interviu na Feira poñendo en valor o Ano Internacional das Cooperativas e impartiu unha charla e coloquio sobre O Cooperativismo do Mar, coas cooperativas: Ría de Arousa S. Coop. Galega, Amegrove S. Coop. Galega, Ardora Formación e Servizos S. Coop. Galega, e Cuarzo Verde S. Coop. Galega. Participaron 30 persoas. Lonxa de Canido en Vigo, setembro 2025, unha iniciativa realizada co apoio da Rede Eusumo da Xunta de Galicia.

→ **Xornada Transformando a cidade dende o cooperativismo**. EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela, con motivo do AIC2025, desenvolveron unha xornada no Teatro Principal que mostrou como o modelo cooperativo pode contribuír á transformación de aspectos clave da cidade. Incluiu a peza teatral *As que limpan* da cooperativa A Panadaría. Ao mesmo tempo visibilizou o Ano Internacional das Cooperativas 2025, declarado pola ONU. Realizouse ademais un recurso audiovisual da xornada con intervencións de representantes institucionais como a Alcaldesa de Santiago, a Presidenta e a Xerenta de EspazoCoop, e boas prácticas cooperativas como 7H Cooperativa Cultural, Maos, Cidadanía e A Panadaría. Santiago, setembro 2025. Participaron 100 persoas.




Sesión de Transformando a cidade desde o cooperativismo en Santiago de Compostela

## Actuacións con axentes prescriptores da fórmula cooperativa

→ **Formación para prescritoras** A Unión de Cooperativas EspazoCoop no marco do proxecto ES-Factory realiza en 2025 o curso en liña "Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo" de 40 horas, que estivo destinado e enfocado a persoas prescritoras de emprego e emprendemento para dar a coñecer o cooperativismo e formar sobre as empresas cooperativas no que participaron 20 persoas a través da Aula Virtual de EspazoCoop.

# Fomento do cooperativismo

**+ 52**
INICIATIVAS

**+1.063**
BENEFICIARIAS DIRECTAS

# Comunicación á sociedade

## Relación con medios de comunicación

Do traballo realizado polo Gabinete de prensa institucional resultaron un total de 19 notas de prensa enviadas a medios galegos sobre EspazoCoop e o sector cooperativo.

→ N.º impactos e novas publicadas: 133 impactos (aumentou un 47,8 %)
→ Audiencia acumulada: 11.492.222 millóns de audiencia (aumentou un 5,46 %)

### Presenza durante 2025 da Unión de Cooperativas EspazoCoop nos seguintes medios de comunicación

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Radios** | Cadena Ser Galicia Santiago \| Vigo \| Pontevedra | Radio Intereconomía | Onda Cero \| Vigo \| Pontevedra \| Santiago | Radio Galega \| Santiago \| | Cope Galicia \| Coruña \| Santiago \| Pontevedra | Radio Voz Galicia \| Coruña \| Vigo \| Pontevedra | ES Radio |
| **Xornais** | Nós Diario | La Opinión de la Coruña | Diario Pontevedra | Faro de Vigo \| Pontevedra | El Correo Gallego | La Voz de Galicia | Xornal de Compostela |
| **Xornais online** | Faro de Vigo | Nós Televisión | Vigoé | Val Miñor TV | Nós Diario | Galicia Confidencial | El Correo Gallego |
| | Código Cero | Tele Mariñas | La Opinión de la Coruña | Xornal21 | Xornal Galicia | La Voz de Galicia | Diario de Santiago \| Pontevedra \| Arousa |
| **Axencias de novas** | Europa Press | | | | | | |
| **TV online** | Nós TV | | | | | | |

Ademais, dous artigos en ElDiario.es campaña especial AIC2025.




## Web e redes sociais

